



Teaching Guide

Identifying Data					2024/25
Subject (*)	Design and analysis of diagnostic tests		Code	652511215	
Study programme	Mestrado Universitario en Psicopedagogía				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Official Master's Degree	2nd four-month period	First	Optional	3	
Language	Spanish				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación				
Coordinador	Losada Puente, Luisa	E-mail	luisa.losada@udc.es		
Lecturers	Losada Puente, Luisa	E-mail	luisa.losada@udc.es		
Web	https://campusvirtual.udc.gal/course/view.php?id=8183				
General description	<p>O diagnóstico no campo da Psicopedagogía esixe dunha capacitación profesional relativa ao coñecemento e recoñecemento acerca das estratexias, técnicas e recursos máis adecuados para previr, detectar e avaliar as necesidades específicas que poidan presentar os/as escolares, e empregalas para a recollida de información que resulte nun informe de diagnóstico psicopedagóxico. Os/as profesionais da Psicopedagogía deben dispor dunha base de coñecementos de utilidade para a toma de decisión relativas á selección e/ou deseño das ferramentas para acadar os seus obxectivos de indagación.</p> <p>Por isto, esta materia está contemplada para coñecer estratexias e procedementos que capaciten ao alumnado para deseñar probas diagnósticas e protocolos de avaliación nas dificultades de aprendizaxe e atención á diversidade, así como a interpretación dos diferentes resultados obtidos nas valoracións realizadas.</p>				

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A6	Dominar o marco legislativo que regula o funcionamento das diversas institucións e adoptar un marco teórico de referencia que ampare os criterios de selección dos diferentes instrumentos e estratexias de diagnóstico, intervención e avaliación.
A9	Desenvolver estratexias, técnicas e recursos para a prevención, detección e avaliación de necesidades específicas de atención educativa
A11	Redactar, presentar, defender informes e outros documentos básicos que contribúan a unha óptima comunicación en contextos multidisciplinares
B1	Capacidade de creatividade e innovación
B5	Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e escrita
B7	Traballar de forma colaborativa
B8	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional
B10	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B11	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B12	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse

Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences / results



Coñecer as estratexias e os procedementos que capaciten ao alumnado para o deseño de probas diagnósticas no campo das dificultades de aprendizaxe.	AJ6 AJ9	BC1 BC5 BC7 BC8 BC10	
Saber interpretar os resultados obtidos nas probas diagnósticas que se aplican ao campo das dificultades de aprendizaxe.	AJ6 AJ9 AJ11	BC5 BC7 BC8 BC11 BC12	CC1 CC6

Contents	
Topic	Sub-topic
Tema 1. Conceptualización do diagnóstico: diagnóstico das dificultades de aprendizaxe e atención á diversidade.	1.1. Conceptualización do diagnóstico e enfoques 1.2. Proceso de diagnóstico: Procedemento xeral e específico. 1.3. Elementos do informe de diagnóstico.
Tema 2. Deseño de probas diagnósticas e instrumentos.	2.1. Abordaxe metodolóxica do diagnóstico. 2.2. Tipos de instrumentos: 2.2.1. Principais características, vantaxes e inconvenientes. 2.2.2. Estudo da validez e da fiabilidade.
Tema 3. Interpretación de resultados e informe final	3.1. Interpretación da información cuantitativa e cualitativa. 3.2. A presentación dos resultados para as diversas audiencias.

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A6 A9 A11 B11	7	0	7
Introductory activities	B1 B5 B8 B10 C1 C6	1	2	3
Document analysis	A6 A11 B5 B7 B11 C1 C6	1	8	9
Case study	A9 B5 B10 B11 B12 C6	6	15	21
Objective test	A6 B5 B10 B11 B12 C1 C6	2	20	22
Directed discussion	A11 B5 B12 C1	2	0	2
Collaborative learning	A9 B1 B7 B8 B10 B11 C6	2	8	10
Personalized attention		1	0	1

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Introductory activities	Actividade que se desenvolverá antes de iniciar o proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados ao deseño e interpretación de probas diagnósticas. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.



Document analysis	<p>O alumnado realizará unha análise de documentos relevantes que amplíen a comprensión de conceptos básicos da materia e permitan a elaboración de pensamentos razoados sobre o deseño e a interpretación de probas diagnósticas.</p> <p>Esta actividade desenvolverase en grupos de traballo (segundo o número de alumnado), desenvolvéndose en cada grupo unha temática específica.</p>
Case study	<p>O alumnado será exposto a enfrontarse ante a descrición dunha situación específica que formula un problema que debe ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través de un proceso de discusión. Trátase dun problema concreto, unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.</p>
Objective test	<p>Proba escrita para a avaliación dos coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>Poderase combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.</p>
Directed discussion	<p>Proporanse dinámicas nas que se aborden temáticas que inviten á reflexión do alumnado acerca de contidos relativos ao diagnóstico no campo educativo. Preténdese favorecer a construción dunha visión crítica á hora de interpretar a realidade educativa.</p> <p>Utilizaranse recursos como lecturas ou vídeos para a contextualización das discusións, para o cal requirírase que o estudiantado, previamente, realice a súa lectura/visionado crítico (traballo autónomo).</p>
Collaborative learning	<p>Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.</p>

Personalized attention

Methodologies	Description
Collaborative learning Document analysis Case study	<p>Durante o desenvolvemento das actividades prácticas, os grupos disporán de 1h (aprox.) de atención personalizada na aula, entendida como atención, supervisión e seguemento dos grupos de traballo, para resolver as dúbidas que poidan xurdir durante o manexo de fontes e a resolución de problemas prácticos. Isto supón que o alumnado debe participar nas sesións prácticas de xeito activo.</p> <p>O alumnado poderá consultar dúbidas no horario de titorías. As ditas titorías serán atendidas de forma presencial (despacho P1 A19), exclusivamente no horario de titorías que figura na web da Facultade.</p> <p>-----</p> <p>Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial, segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudante dos Grao na UDC (Art. 2.3.,3b y 4.5) (29%5/212)".</p> <p>Este alumnado desenvolverá a súa actividade coa asistencia e a participación nas dinámicas recollidas no apartado de "Metodoloxías" y en "Atención personalizada", aplicable ás prácticas de "análise de fontes documentais" e "estudo de casos", sempre que lle sexa posible. As actividades faranse seguindo as observacións de avaliación sobre a flexibilidade da asistencia-participación e os requirimentos para superar a materia.</p>

Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification



Document analysis	A6 A11 B5 B7 B11 C1 C6	<p>Valorarase, a través dunha rúbrica, elaborada expresamente para a avaliación desta metodoloxía, atendendo a criterios relativos á riqueza e pertinencia das fontes bibliográficas, á capacidade de síntese, precisión e expresión escrita correcta, e ao correcto emprego das Normas APA 7ª ed.</p> <p>A actividade levarase a cabo en grupos e presentarase como &quot;Introducción&quot; ao estudo de casos que será entregado ao final do cuatrimestre.</p>	10
Objective test	A6 B5 B10 B11 B12 C1 C6	<p>Valorarase a adquisición dos coñecementos teóricos e prácticos mediante unha proba que poderá incluír preguntas de resposta múltiple, ordenación, resposta breve, discriminación, completar e/ou asociación, ou ben pódese construír con un só tipo dalgunha destas.</p> <p>Os tipos de preguntas seguirán o seguinte sistema de corrección:</p> <ul style="list-style-type: none">- Preguntas V/F: unha resposta incorrecta, restará unha resposta correcta.- Preguntas resposta múltiple: aplicarase a fórmula de corrección ao azar (acertos - erros/nº alternativas - 1).- Preguntas resposta curta: valorarase a claridade e a capacidade de síntese e adecuación da resposta á pregunta formulada.- Preguntas de asociación e completar: cada erro resta a metade dun acerto. <p>Nota importante: Para a superación da metodoloxía ?proba obxectiva? é requerido que o estudante obteña un 5. No caso de non acadar esta cualificación, non se terá en conta a avaliación continua. No caso de suspender, na convocatoria da 2ª oportunidade, non se terá en conta a avaliación continua.</p>	50
Case study	A9 B5 B10 B11 B12 C6	<p>Cada grupo de estudantes traballará con casos ao longo de todo o cuatrimestre. Deberá ir aplicando, de forma progresiva, os coñecementos teórico-prácticos desenvolvidos nas sesións expositivas a problemas reais, que presentará por escrito e de forma oral, e que será valorado a través dunha rúbrica elaborada expresamente para a avaliación desta metodoloxía.</p> <p>Terase en conta a capacidade do alumnado para aplicar os coñecementos teóricos adquiridos, para resolver problemas en entornos novos ou pouco coñecidos, a súa integración para formular xuízos e para comunicar as conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan.</p>	40

Assessment comments



REQUERIMENTOS PARA SUPERAR A MATERIA:

Asistir a clase. A asistencia a clase é

obrigatoria nun 80% das sesións. Participar na clase. A condición de alumnado asistente (80% de asistencia)

supón, non só a asistencia, senón tamén a participación e aproveitamento do

tempo de clase. Realizar

todas as actividades obrigatorias que computan na avaliación final da materia;

isto é: a proba obxectiva (final e/ou parciais), a análise de fontes

documentais e os estudos de casos. Acadar

o 50% da calificación en cada unha das metodoloxías de avaliación para superar

a materia, calquera que sexa a modalidade de avaliación á que se somete o

estudante. No caso de non acadar o 50% nalgunha das partes, a calificación

final será de 4 puntos. Axustarse ás datas de entrega sinaladas no calendario

presentado durante a presentación da materia. As entregas fóra de prazo ou a

ausencia de entrega terán unha calificación de 0 puntos e, polo tanto, suporán

unha calificación final de suspenso. Realizar as actividades propostas, aproveitando e

optimizando o tempo que se destina na aula. Realizar

traballos de carácter orixinal. O incumprimento das normas éticas na

realización de traballos académicos suporá unha calificación de 0 puntos na

mesma e, polo tanto, dará lugar a unha calificación final de suspenso. Baixo

ningunha circunstancia aceptaranse traballos parcial ou totalmente extraídos

doutras fontes que non foran debidamente citadas. MODALIDADES DE AVALIACIÓN

Tendo en conta a posible existencia de alumnado que, polas súas

circunstancias particulares non cumpla co requisito de asistencia, terase en

conta diversas modalidades de avaliación segundo o réxime de adicación do alumnado:

Avaliación continua: modalidade de

avaliación aplicable a alumnado asistente; é dicir, a aquel

que cumpla co requisito de asistencia dun 80%, tanto das sesións teóricas como

prácticas; e ao alumnado con recoñecemento de adicación a tempo parcial: Alumnado asistente: Será

evaluado ao longo do proceso de aprendizaxe, a través da realización das

diversas prácticas establecidas dentro das metodoloxías de avaliación (análise

de fontes documentais, estudos de caso) que será entregado nas datas establecidas

pola docente. De forma complementaria, someterase a avaliación final mediante ?proba obxectiva?. Alumnado con recoñecemento

de dedicación a tempo parcial: atendendo á norma que regula o réxime

de adicación ao estudo e a permanencia e progresión dos estudantes de grao e

mestrado universitario na Universidade da Coruña (aprobada en Consello de

Goberno o 28 de xuño de 2016), nos seus artigos 4, 5 y 6, será necesario que

este alumnado solicite a dispensa e a entregue á docente, concertando unha

titoría na que lle informará sobre o xeito en que se desenvolverá o proceso de

aprendizaxe. Realizará as actividades de forma individual, e a súa avaliación

consistirá na entrega das prácticas establecidas dentro das metodoloxías de

avaliación (de maneira autónoma, e cunha ponderación de 60%) e a avaliación

final por medio da proba obxectiva (40%), podéndose someter ás avaliacións

continuas e final nas mesmas condicións que o alumnado non asistente, sempre que cumpra

os prazos establecidos pola docente. Avaliación

final: modalidade de avaliación aplicable ao alumnado non asistente (aquel

que non cumpre co requisito de asistencia mínimo do 80%). Recoméndaselle a

realización das actividades prácticas (análise de fontes documentais, estudo de

casos) de modo autónomo, e acoder regularmente a titorías para a consulta de

dúbdas sobre as mesmas. Será avaliado mediante proba obxectiva na que se introducirán (a) preguntas relativas aos contidos das actividades realizadas polo alumnado na modalidade de avaliación continua (60%) e (b) preguntas referidas aos contidos teóricos da materia (40%). As metodoloxías que se teñan aprobadas na primeira oportunidade non se gardarán para a segunda oportunidade (xullo) do ano en curso. A avaliación adiantada rexerase polo mesmo procedemento de avaliación que o especificado na 1ª e 2ª oportunidade aplicable ao alumnado "non asistente".



Sources of information

Basic	<ul style="list-style-type: none">- Alonso Tapia, J. (2012). Evaluación psicopedagógica y orientación educativa. Síntesis.- Anaya Nieto, D. (1994). Introducción al diagnóstico en orientación. Sanz y Torres.- Anaya Nieto, D. (2003). Diagnóstico en educación. Diseño y uso de instrumentos. Sanz y Torres.- Ayala Flores, C.L. (2001). Evaluación e informes psicopedagógicos: de la teoría a la práctica. CEPE.- Cardona Moltó, M.C., Chiner Sanz, E., & Latur Devesa, A. (2010). Diagnóstico psicopedagógico. ECU.- Díaz, M.I., Ruíz, M.A., & Villalobos, A. (2017). Manual de técnicas y terapias cognitivo conductuales. UNED.- Ibáñez López, P., & Mudarra Sánchez, M.J. (2014). Atención temprana. Diagnóstico e intervención psicopedagógica. UNED.- Marí Molla, R. (2001). Diagnóstico pedagógico: Un modelo para la intervención psicopedagógica. Ariel Educación.- Padilla, M.T. (2002). Técnicas e instrumentos para el diagnóstico y la evaluación educativa. CCS.- Romero Pérez, J.F., & Lavigne Cerván, R. (2005). Dificultades en el aprendizaje: Unificación de criterios diagnósticos (Vol. I). Junta de Andalucía.- Romero Pérez, J.F., & Lavigne Cerván, R. (2006). Dificultades en el aprendizaje: Unificación de criterios diagnósticos (Vol. II). Junta de Andalucía.
Complementary	

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.